



ANTROIDO 2008

BASES DO CONCURSO

O martes día 5 de febreiro do ano que andamos, terá lugar o desfile das carrozas e comparsas do Antroido 2008, no que poderán participar libremente todos aqueles que o desexen, outorgándose os premios dacordo coas seguintes categorías:

<u>PREMIOS CARROZAS</u>	<u>PREMIOS COMPARSAS</u>
1º 2.000 euros.	1º 2.000 euros.
2º 1.300 euros.	2º 1.300 euros.
3º 600 euros.	3º 600 euros.
4º 450 euros.	4º 450 euros.
5º 300 euros.	10 accésit 150 euros. c/u.

(A comparsa deberá estar formada por un mínimo de 10 persoas)

A criterio do Xurado, concederanse:

Ó GRUPO MELLOR CARACTERIZADO (de tres a seis persoas) 1º de 400 euros
2º de 250 euros
3º de 150 euros

Á PARELLA MELLOR CARACTERIZADA 1º de 300 euros.
2º de 180 euros.
3º de 120 euros.

Ó MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL 1º de 150 euros.
2º de 90 euros.
3º de 60 euros.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1º.- A participación queda aberta a tódalas asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.

2º.- As carrozas, comparsas, etc., farán a súa presentación diante da **Estación do Ferrocarril**, a partires das **16:00 horas** do día **5 de febreiro**.

3º.- O **itinerario do desfile**, que comeza ás **17:30 horas** na **Estación do Ferrocarril**, será o seguinte: rúas Romero Donallo, Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvado, Praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra, para rematar na **Avda. de Xoán Carlos I**.

4º.- A decisión do Xurado darase a coñecer ó remate do desfile, no **Paseo Central da Alameda**. O Xurado valorará o deseño e creatividade das carrozas, os disfraces e a caracterización dos seus compoñentes.

5º.- A inscrición para todos estes concursos formalizarase na **Concellaría de Festas** sita na Rúa Nova, 21, ata as **14:00 horas** do día **4 de febreiro** (Rúa Nova, 21. Teléfono 54.23.47. Fax: 981 54 23 48 Teatro Principal.)

6º.- O Xurado comporase das seguintes persoas: **Presidente:** O Alcalde ou Concelleiro no que delegue. **Vocais:** dous membros da Comisión da Área Social do Concello; un representante da Asociación da Prensa; un representante da Escola de Artes Aplicadas Mestre Mateo; un representante da Universidade; dous representantes do movemento veciñal e outro do movemento cultural da nosa cidade, e un representante do Museo do Pobo Galego. Fará de **Secretario/a** do mesmo un funcionario/a do Concello.

7º.- A persoa que firme a inscrición será a única autorizada para cobrar no caso de concederlle algún premio.

A simple participación nos concursos, supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

A decisión do Xurado será inapelable.

(As comparsas, carrozas, parellas e disfraces individuais, levarán un número de identificación no desfile que se lles facilitará no momento da inscrición e que deberá ser presentado en caso de ser premiados para poder cobrar os premio así como o D.N.I)

8º.- As carrozas terán como máximo 2,50 metros de ancho e 4,20 metros de alto non permitíndose a saída ás que superen dita medida.

9º.- Unha vez rematado o desfile as carrozas aparcarán na Avenida de Coruña e as comparsas participantes irán ao Paseo Central da Alameda..